


ÚN MUSEO DE REFERENCIA A MANDA DE PEPE EL FERREIRO



A verdá é que nel momento actual, e cuando me movo polas dependencias ou salas del Museo, cóstame caro entender que recuperara del pasao un legao histórico tan importante. Nun sei se é vanidá ou namáis pismo por aquilo qu'a lo primeiro nun cría que se puidera levar a cabo.

(...) Qu'el labor levas a cabo nel Museo apareza publicao en medios diversos fáille crer [a ún] que nun foi desacertada de todo a súa dedicación a preservar a historia y el acervo popular da súa terra; porque, despóis de todo, p'algo valdrá a xeneracións futuras.

(...) Col que si acabo é col consabido "haxa salú (que fame nun faltará)"; que p'aquellos desconocedores da frase, hei dicirlles que significa na nosa lingua vilipendiada "haya salud (que hambre no faltará)".

José María Naveiras Escanlar

Despóis da creación del Museo, el reconocimiento al labor de José María Naveiras foi inmediato e constante hasta que faleceu. Muiito menos entusiasta iba ser el parecer de Pepe sobre a súa propia obra, da que chegou a dicir que quedara lonxe del que planificara e soñara.

El Museo qu'hoi disfrutamos é a manda apalvable de Pepe. Unánimemente reconocido como ún dos mellores nel sou xénero, con úa colección material enorme, valiu e sigue valindo d'exemplo y inspiración pá creación d'outros museos, dentro e fóra d'Asturias.

El auténtico legao de Pepe el Ferreiro que vai traspasar xeneracións é, como el patrimonio que sempre quiexo conservar, intangible. El proyecto convertiuse nun dos principales catalizadores del sentimiento de respeto xenerao entre os propios vecíos pas formas de vidas pasadas, pero que nun tán tan lonxe, despreciadas polos sous propios protagonistas porque sobre ellos pesaba el lastre, forxao a lo largo de xeneracións, del atraso, a miseria y el desvalimiento social. El tempo y el éxito indiscutible del Museo axudaron a mudar radicalmente el desprecio secular polo propio y acentúan el respeto polas cousas que deixan recrear aquel mundo acabao en poucas décadas e qu'hoi reivindicase como referente compartido e motivo d'orgullo colectivo.

A trascendencia social del Museo evidencia qu'é posible crear comunidad alrededor d'úa institución cultural. Úa comunidad que, como el Museo Etnográfico de Grandas de Salime "Pepe el Ferreiro", nun queda na materialidad das pezas nin se pecha nos límites das súas instalacións. Úa institución que tece redes de pertenencia y identidad. Un museo que fortalece os vínculos d'úa comunidad qu'é quén a crear futuro col sou pasao.



Na concesión del galardón Poble Exemplar d'Asturias á comunidade vecinal de Grandas de Salime en 1993.

Os sous muiitos escritos, artículos de periódico e reflexións son un fondo inagotable pá comprensión das sociedades recentes del occidente d'Asturias y os procesos que levaron al sou desmantelamento. Tamén pal conocimiento das dificultades y obstáculos qu'acompañan a creación d'un Museo d'este xeito e que namáis con úa personalidad como a de Pepe poden salvarse con bon fin. As ideas museográficas e museológicas, non sempre comprendidas, el sou concepto de "Museo vivo", tán hoi nel centro del consenso sobre cómo e pa qué faer un Museo nel ámbito rural.



Mallega nel Museo.

